


**Un país
xusto.**

Pesca

**Programa
2016**



3 **Diagnose**

5 **Principios e directrices**

6 **Propostas programáticas**

6 **Sostenibilidade económica**

Diálogo cos sectores do mar.
Derrogación do Plan do Cantábrico-Noroeste.
Fomentar o cooperativismo.
Información veraz da etiquetaxe do mexillón galego.
Reclamación dun status específico para as artes menores.
Mellora na aplicación das medidas de control e inspección. Trazabilidade e etiquetado.
Máis investimento en comunicación e información.
Acelerar a implementación do FEMP
Semente para o marisqueo.

9 **Sostenibilidade social**

Combater o furtivismo.
Revisión do convenio bilateral de pesca España-Portugal
Apostar pola formación.
Restringir a transferencia de cuotas.
Iguais dereitos.

10 **Sostenibilidade ambiental**

Saneamento integral das rías:
Controis sanitarios sobre a entrada de importacións de moluscos para sementar nas rías.

11 **Apoio científico e tecnolóxico**

Apoiarse na mellor ciencia dispoñible.
Inverter na innovación da industria transformadora dos produtos.
Mellora da identificación de especies.
Convertir ao CETMAR nun verdadeiro centro tecnolóxico.
Facilitar o aumento da selectividade das artes de pesca.

Diagnose

A flota pesqueira de Galicia é a máis importante de todas as rexións españolas e europeas, cunha actividade moi diversificada que cubre, dende as augas nacionais e comunitarias, as augas internacionais ou de terceiros países non membros da UE, capturando unha enorme variedade de especies obxectivo mediante artes de pesca moi variadas. En concreto, en 2015 a flota galega estaba composta por 4.496 unidades que representan o 46% da flota española e aportaban o 57% do valor dos desembarques, alcanzando a produción un valor de 900 millóns de euros. Máis relevante aínda é que este sector ten unha grande contribución ao emprego, acadando os 11.426 tripulantes.

Si abrimos o foco e consideramos o conxunto do complexo marítimo-pesqueiro galego as magnitudes aumentan significativamente. A explotación do mar en Galicia induciu a constitución dun sistema produtivo que inclúe a acuicultura (intensiva e extensiva), o marisqueo, consérvaa e a industria naval, ademais da pesca. Este conxunto de actividades xera 36.290 empregos directos e unha produción de 6.200 millóns de euros.

O sector produtor de alimentos de orixe mariña constitúe un pilar fundamental dun complexo-marítimo-pesqueiro que inclúe a conserva e procesado de peixe e marisco, os conxeladores e frigoríficos, a comercialización, o sector naval e todo o entramado de industrias auxiliares e fornecedoras. O conxunto deste complexo ten un peso equivalente ao do sector da automoción en Galicia, ou ao do complexo agroalimentario, constituíndo tres elos centrais da economía galega.

Malia a importancia socio-económica desta actividade a percepción que teñen mariñeiros e armadores é de que as súas voces non son escoitadas nas institucións, nin as súas necesidades atendidas. As administracións teñen deixado reducir a flota a uns niveis moi superiores aos de calquera outro país europeo. Entre 2008 e 2015 perdéronse en Galicia case 500 barcos, reducíndose todas as flotas, fora arrastre ou artes menores. Unha caída que si en termos de buques foi de case o 10%, en termos de capacidade (GTs) foi de máis do 23%. Isto implicou unha perda de case 4000 afiliados no réxime especial do mar, á que habería que sumar todos os empregos que como consecuencia da redución de actividade se perderon en industrias relacionadas e auxiliares. **Máis aínda, ás cifras anteriores debemos engadir determinados resultados cualitativos, como é a situación de stress continuado que sofre a xente do mar como consecuencia, non só da dificultade para gañarse á vida, senón tamén do complexo marco regulatorio ao que se enfronta, a elevada presión inspectora ou do impacto agrado tanto das diversas medidas de política pesqueira como das diferentes instancias que actúan sobre o sector. Tampouco podemos deixar de mencionar a falta de diálogo, como ven se evidenciou en casos como as reivindicacións dun novo reparto de cotas da flota do cerco ou no caso do plan de acuicultura.**

Máis grave aínda é que ante o rexeitamento masivo ao proxecto de Lei de Acuicultura, a Xunta de Galicia, decida centrifugar as competencias exclusivas sobre o espazo mariño galego, de acordo ao artigo 27 de Estatuto de Autonomía, a fin de lograr que outros lles fagan o traballo suxo.

Compre cambiar, asentar as políticas nun marco de entendemento e diálogo que teña como fin conciliar a sostibilidade ecolóxica, coa social e económica. Compre

protexer a riqueza das nosas rías e mares como medio de vida de xeracións presentes e futuras de mariñeiros. Compre prestixiar socialmente unha actividade que dende tempos inmemoriais vimos realizando de modo sostible neste país, compre esixir das institucións europeas un trato xusto e equitativo para a nosa flota. A deixadez da administración materialízase na permanencia de problemas que son xa reivindicacións históricas por parte do sector: o saneamento das rías, a erradicación do furtivismo, o apoio na comercialización, o diálogo nas políticas pesqueiras.

Principios e directrices

- ▶ Velar pola sustentabilidade económica e social dos sectores da pesca galega no marco da sustentabilidade ecolóxica.
- ▶ Xestión da pesca baseada no diálogo con mariñeiros, armadores, bateiros, mariscadoras, asociacións, etc apoiado no mellor coñecemento científico dispoñible.
- ▶ Priorizar e garantir exercicio das actuais actividades pesqueiras, marisqueiras e de mitilicultura fronte á introdución de instalacións de produción enerxéticas, prospección e explotación de petróleo e gas, extracción de materias primas e piscicultura.
- ▶ Fomentar a unidade dos distintos subsectores da pesca o marisqueo e a mitilicultura, xa que constitúe un elemento central para recuperar a confianza, xestionar mellor os recursos e favorecer a mellora dos prezos percibidos.
- ▶ Defensa e ecrecentamento das competencias autonómicas sobre as augas galegas a fin de asumir o liderado na xestión dos noso propios recursos.

Propostas programáticas

Sostenibilidade económica

Diálogo cos sectores do mar.

A falta de diálogo ten sido unha das características da xestión pesqueira do PP, materializada de modo palmario na falida Lei de Acuicultura, que a oposición dos sectores da pesca, o marisqueo ou o mexillón conseguiu paralizar. Non é posible unha gobernanza eficaz da pesca, nin unha actuación de apoio eficiente por parte da administración se non se artella a través dun diálogo constante con mariñeiros, armadores, patróns, pequenos empresarios do mar, etc. A política pesqueira galega debe avanzar de xeito firme na co-xestión entre a administración e o sector pesqueiro. Este modelo de co-xestión debe aplicarse tanto á xestión dos recursos, como á orientación da capacidade investigadora e tecnolóxica que Galicia ten en materia de ciencias do mar ás necesidades de coñecemento e innovación do sector. Un paso inmediato nesta dirección será a revitalización do Consello Galego da Pesca, para que sexa a canle de coordinación de todo o sector pesqueiro, dando entrada nel a todas as asociacións máis representativas do país e implicando as universidades e centros de investigación.

Derrogación do Plan do Cantábrico-Noroeste.

A Audiencia Nacional ven de anular o reparto de cotas do cantábrico-Noroeste o que non fai senón certificar un sistema de reparto inxusto, baseado nas capturas históricas, e que non favorece a aquelas flotas que máis apostaron pola sostenibilidade dos recursos. Nese sentido instamos á derrogación definitiva do Plan do Cantábrico-Noroeste comprometémonos a procurar e esixir criterios de reparto e xustos, que concilien a sostenibilidade económica, social e ambiental.

Fomentar o cooperativismo.

A historia de sectores como o mexilloeiro, marcado historicamente por baixos prezos da produción, ten amosado que os mellores prezos se conseguen nos momentos en que o grao de unidade interna é maior. Non so iso, as estruturas organizativas (cooperativas, asociacións, etc) teñen fornecido solucións que permiten organizar a saída da produción logo de períodos de mareas vermellas, iniciativas que ofrecían garantías de cobro aos produtores, etc. Nese sentido debe ser un elemento central das políticas da Consellería de Mar fomentar o fortalecemento organizativo e cooperativo dos produtores, tanto no caso dos bateeiros, como no caso de outros sectores da pesca e o marisqueo.

Información veraz da etiquetaxe do mexillón galego.

A etiquetaxe de mexillón foráneo como mexillón galego constitúe unha fraude ao consumidor, mina a credibilidade do produto galego, supón un aproveitamento espurio dun valor que foi creado polos produtores galegos e mina as posibilidades de obter prezos xustos pola produción.

A DOP Mexillón de Galicia foi creada para axudar a poñer en valor o mexillón das nosas rías, sendo a única que legalmente pode empregar referencias á orixe galega do

mexillón. A certificación que emite ofrece información veraz e clara sobre os produtos con características específicas vinculadas á orixe xeográfica para que os consumidores fagan as súas eleccións de compra con maior coñecemento de causa.

Sen embargo, os dereitos dos produtores e dos consumidores están a ser continuamente vulnerados mediante a continua introdución no mercado de produtos con información falsa na etiquetaxe. Fronte a isto, O art. 38 do R(UE) 1151/2012 responsabiliza ás autoridades competentes de supervisar o uso dos nomes protexidos no mercado adoptando as medidas oportunas no caso que se detecten infraccións.

Nun caso recente, a instancias do Consello Regulador do Mexillón de Galicia contra unha conserveira polo uso de mencións como «de las Rías Gallegas», «elaborado en Galicia», etc., o Tribunal da Audiencia Provincial ten ditado sentenza condenando á empresa pola vulneración da normativa europea de protección das DOPs e incorrer en competencia desleal. A obriga do art. 38 citado, tivo que ser asumida polo Consello Regulador acudindo aos tribunais para facer cumprir a Lei. Pero ademais, ante esta sentenza, a Administración competente decide, e así informa publicamente, solicitar un informe a un Comité Científico das DOPs da Comisión Europea, para que indique qué alcance ten a DOP Mexillón de Galicia, cuestión sobre o que versa dita sentenza.

Neste punto os compromisos de En Marea en relación ao sector mexilloeiro son os seguintes:

Apoio á DOP no marco das súas atribucións, a controlar rigorosamente o etiquetado do veraz do mexillón e a combater a fraude no etiquetado.

Promoción do produto certificado pola DOP a fin de fomentar a diferenciación e recoñecemento por parte do mercado do mexillón galego.

Mellora da dotación dos medios técnicos do laboratorio do Consello Regulador do Mexillón a fin de garantir a mellora da súa capacidade de interacción científica e innovación en ámbitos como a salubridade das rías, a trazabilidade da produción, as mareas vermellas, etc.

Reclamación dun status específico para as artes menores.

A flota artesanal caracterízase polo uso de artes selectivas que resultan máis compatibles coa sostenibilidade dos recursos. Sen embargo adoitan ser reguladas mediante criterios definidos para as condicións da pesca industrial ou mesmo da pesca noutros países. Unha das circunstancias máis esperpénticas vividas en relación a este aspecto foi a prohibición da pesca do xeito. Se ben posteriormente tal prohibición foi retirada, o asunto deixa ver tanto a deixadez da administración autonómica, como a inadecuación da aplicación de normas deseñadas para outras flotas e outras augas. De modo similar acontece coa aplicación da PCP en cando á obrigación de desembarcar os descartes para a flota artesanal, unha flota que como consecuencia das artes empregadas a penas produce descartes.

Por todo o anterior comprometémonos a reclamar en Europa un estatus específico para artes menores, e a exención dos TAC para as capturas accidentais e minoritaria das artes pasivas, e evitar absurdos como a de ter que tirar peixe morto e en bo estado ao mar.

Mellora na aplicación das medidas de control e inspección. Trazabilidade e etiquetado.

A férrea política de control e inspección da actividade pesqueira que a Administración española vén desenvolvendo desde fai uns anos, foi un dos alicerces da actual política pesqueira e sitúa a España como exemplo de loita contra a pesca ilegal.

Pero é necesario mellorar a forma nas que se realizan as inspeccións, sobre todo no mar, de tal xeito que se interrompa o menos posible a actividade dos buques que, moitas veces, perden o día enteiro polas inspeccións. Doutra banda, tamén é necesario que se gradúen as sancións de forma proporcional á infracción realizada, evitando excesos desproporcionados.

Doutra banda, aínda que a política de inspección e control das actividades da flota española aplicada polo goberno español é a máis esixente da UE, temos a impresión de que non ocorre o mesmo no resto de elos da cadea comercial.

Por iso, é imprescindible que o Goberno, en colaboración coas CCAA e cos Concellos, garanta o cumprimento das normas da UE de trazabilidade e etiquetado nos distintos puntos de venda, evitando posibles casos de fraude ao consumidor.

Máis investimento en comunicación e información.

No conxunto do estado tense producido unha caída significativa do consumo de pescado nos fogares es preocupante, pasando de 29,9 Kg/hab. /ano en 2009 a 25,86 kg en 2015. Consecuentemente son necesarias medidas de promoción dos produtos galegos para reactivar a demanda. E máis, acadar un maior e mellor coñecemento dos produtos do mar de Galicia resulta indispensable que lograr que frutifiquen todas aquelas medidas destinadas a apoiar a produción. Neste eido comprometémonos a desenvolver campañas, tanto propias como en colaboración có MAGRAMA, orientadas tanto ao mercado interno, como ao estatal orientadas aos seguintes obxectivos:

Creación dunha liña de estudos de mercado dos produtos da pesca, marisqueo, mitilicultura, etc orientada a identificación de novos mercados e nichos, necesidades dos consumidores, estudo dos competidores, tendencias de mercado, etc.

Fomentar unha imaxe positiva da pesca e dos mariñeiros entre a cidadanía, poñendo en valor os esforzos realizados durante os últimos anos para mellorar a sostenibilidade da actividade.

Campañas de información e difusión que fomenten o coñecemento, identificación e consumo de produtos do mar galegos.

Acelerar a implementación do FEMP

O novo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP) 2014-2020 aínda non se atopa operativo, xa que os criterios que van a rexer o seu funcionamento para período en curso continúan sendo obxecto de debate na Comisión de Seguimento do FEMP, o que imposibilita arbitrar as convocatorias necesarias ate que estean aprobados. No contexto actual resulta especialmente importante sacar o máximo proveito deste tipo de fondos, polo que nos comprometemos a buscar a máxima colaboración coa Administración Xeral do Estado para acadar unha rápida disponibilización destes fondos e un grao de execución do 100%, a fin de favorecer unha flota competitiva, equilibrada respecto aos recursos e con prezos xustos para os seus produtos.

Semente para o marisqueo.

O marisqueo fai moito tempo que ten deixado de ser un actividade meramente extractiva para pasar a ser unha actividade que implica o coidado das praias e bancos, rexenerando, sementando e cultivando. Dado que esta produción xa non pode basearse na reprodución natural, Galicia debe asegurarse a capacidade de produción de semente de calidade, seguridade sanitaria e adaptada ás condicións das nosas

praias mediante hatcheires. Nese sentido comprometémonos a impulsar a produción de semente sexa a través do apoio ou recuperación as instalacións existentes, como a través da creación de novas instalacións.

Sostenibilidade social

Combater o furtivismo.

O furtivismo constitúe unha lacra para a pesca e o marisqueo de Galicia, que provoca unha caída dos prezos e os ingresos das persoas que faenan legalmente, pon en risco a saúde dos consumidores ao comercializar produto sen os debidos controis sanitarios, e evade as contribucións correspondentes á facenda pública. A presenza crecente de furtivos nas rías galegas e a extensión do fenómeno amosa o ineficaz das medidas adoptadas ate o momento para combatelo. En particular, cabe sinalar a paradoxa que o Servizo de Gardacostas, que ten certas competencia para perseguir o furtivismo (ademais dos corpos de seguridade do estado) carece de medios e efectivos humanos suficientes para facelo, mentres que un corpo sin a penas competencias, o de gardapescas, dispón de medios humanos infrautilizados na persecución do furtivismo. Resulta por tanto imprescindible dotar un corpo único e capaz para a loita contra o furtivismo.

Ademais debe reforzarse a cooperación dos corpos de seguridade do estado e da facenda pública, en particular fronte ao furtivismo profesional e a comercialización de pescados e mariscos ilegais.

Así mesmo é necesario reforzar mediante formación, apoio técnico (empresarial e biolóxico) e asesoramento a capacidade das agrupacións de mariscadoras e cofradías para xestionar de modo sostible económica, social e medioambientalmente os recursos mariños, fomentando o traballo en rede, a creación de máis valor e a adopción de solucións pragmáticas no proceso produtivo.

Revisión do convenio bilateral de pesca España-Portugal

O convenio bilateral de pesca entre España e Portugal ten permitido que a flota española e a portuguesa operen baixo diferentes condicións técnicas. Dado que os regulamento se fixan a fin de garantir a sostenibilidade da actividade pesqueira, carece de sentido que sexa de aplicación so a unha parte dos que operan nun determinado caladoiro. Consecuentemente esixiremos unha estrita reciprocidade no conxunto das condicións operativas tanto en España como en Portugal e, en particular, en canto ,a prohibición de faenar durante o fin de semana en augas españolas.

Apostar pola formación.

Actividades como a pesca artesanal ou o marisqueo están sometidas esixencias competitivas, regulamentarias, de xestión interna, de comercialización ou de sostenibiliade que fan preciso incentivar e facilitar cursos de formación e actualización. Estas actividades de formación deben estar deseñadas de acordo as necesidades específicas e contexto existentes en cada cofradía ou agrupación.

Restringir a transferencia de cotas.

Os sistemas de xestión pesqueira apoiados en cotas transferibles, sea directamente ou tras os desguaces de unidades de flota provoca a concentración da actividade en cada vez menos mans, favorecendo un sistema social e ecoloxicamente, cada vez menos sostible e permite facer negocios privados con dereitos públicos. Dende En Marea consideramos que as cotas deben reverter ao sector público si remata a actividade da empresa e, consecuentemente comprometémonos por apoiar a eliminación da mercantilización das cotas, particularmente en Plans como o do Cantábrico.

Iguais dereitos.

Establecemento de medidas para garantir que a atención sanitaria nas especialidades, probas, etc se adecúa as condicións laborais dos mariñeiros, sen que exista merma da atención sanitaria a recibir como consecuencia das coincidencias de citas cós períodos de embarque.

Así mesmo adoptaranse as medidas para garantir o efectivo dereito ao voto para as persoas embarcadas.

Sostenibilidade ambiental

Saneamento integral das rías:

De acordo a un informe da Axencia Europea de Medio Ambiente máis da metade das zonas de baño de España con mala calidade das augas atópanse en Galicia e o 87% das zonas de marisqueo presentan contaminación fecal (Intecmar). Dato que ilustra a persistencia dun problema que afecta ao potencial marisqueiro, pesqueiro, turístico e recreativo das nosas rías. Ante este problema será a priridade do goberno galego completarmos a rede de saneamento e renovar instalacións obsoletas, garantir o efectivo funcionamento das estacións depuradoras existentes, reforzar a actividade inspectora en instalacións públicas e privadas e reducir os miles de puntos de vertido ilegais existentes na nosa costa.

Ademáis será necesario, integrar nesta loita aos servizos estatais de Costas, cos autonómicos soamente non abonda e elaborar unha política de montes adecuada que evite a sedimentación, que é a terceira pata do problema.

Controis sanitarios sobre a entrada de importacións de moluscos para sementar nas rías.

Moitos moluscos son depurados en circuíto aberto ou sementados sen ter en conta a presenza de organismos patóxenos, xa que non existe o suficiente control sanitario, podendo traer asociados patóxenos ou semente doutras especies inexistentes en Galicia. Ao efecto de garantir o equilibrio ecolóxico das rías e a sostenibilidade das produción, comprometémonos a regular as importacións de moluscos foráneos ás Rías Galegas e garantir a aplicación de controis sanitarios exhaustivos á entrada de organismos vivos para sementa ou depuración en circuíto aberto.

Apoio científico e tecnolóxico

Apoiarse na mellor ciencia dispoñible.

Galicia conta co principal sistema de ciencia mariña do estado, estando integrado por centros de investigación públicos e centros tecnolóxicos públicos e privados. Sen embargo, si ben a creación de coñecemento científico é notable, a transferencia dos resultados da investigación aos sectores produtivos e a súa aplicación a resolución dos problemas do sector seguen a ser insuficiente. Consecuentemente comprometémonos a incrementar o esforzo para fomentar a investigación aplicada no sector e a transferencia de resultados. En particular:

Inverter na innovación da industria transformadora dos produtos

procedentes do mar para aumentar a súa durabilidade, calidade, preservación e por tanto valorizalos, así como avanzar en las tecnoloxías alimentarias (envases en atmosfera protectora, etc...), contribuíndo así a fixar máis riqueza no territorio.

Mellora da identificación de especies a fin de garantir a súa correcta etiquetaxe e evitar fraudes ao consumidor.

Fomentar colaboración entre empresa, industria, os sectores produtivos e o sector científico. Dotar de medios económicos, técnicos e humanos, os centros de investigación dependentes da Xunta (Intecmar, CIMA,...) a fin de dar resposta a problemas como pode ser o das enfermidades que afectan aos recursos das Rías (acumulación de chumbo no *relojito*, marteilia no berberecho, toxicidade da vieira por toxina, etc.), buscar solucións aos desprendementos relacionados coas elevadas temperaturas da auga ou a anémona, favorecer a sostenibilidade das actividades, mareas vermellas, etc.

Convertir ao CETMAR nun verdadeiro centro tecnolóxico que contribúa a innovación nas empresas pesqueiras.

Facilitar o aumento da selectividade das artes de pesca: se ben durante o últimos anos a selectividade das artes de pesca ten avanzado significativamente, este campo segue a ser un reto crítico a efectos de conciliar sostenibilidade económica e social. Consecuentemente apoiaremos a mobilización de recursos científicos para mellorar a selectividade das artes de pesca.

